



## GRUPO MUNICIPAL

**MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ**, vicevoceira do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, instando a que **PONTEVEDRA SE INSERTE NA REDE DE CIDADES REFUXIO E COORDINE A COLABORACIÓN CIDADÁ DIANTE DO EXODO DA GUERRA DE SIRIA**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O exodo masivo de persoas que escapando da morte e da miseria desde os países do Sur a Europa están deixando en evidencia a actitude dos actuais gobernantes da UE e dos países membros, incluídos o goberno español.

Durante anos a UE foi un espazo de acollida de refuxiados políticos e perseguidos pola violencia e a guerra e pola contra hoxe esta convertida nunha frotaleza que dá as costas ás persoas loitadoras pola democracia noutras latitudes.

Ademais as escenas que estamos vendo polos medios de comunicación reflexan situacións que atentan contra os acordos internacionais de dereitos humanos e de acollida a refuxiados.

A alcaldesa de Barcelona, Ada Colau, ten posto en marcha unha iniciativa para crear unha rede de concellos de acollida, e dese xeito presionar a UE e ao estado a abordar este asunto con outra actitude. A esta iniciativa se teñen sumado os concellos de Lalín e A Coruña.

O Concello de Pontevedra ten organizado noutros momentos un dispositivo especial para coordinar tarefas de voluntariado e solidariedade como no caso da catástrofe do Prestige.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA presenta diante do pleno a seguinte

### PROPOSICIÓN:

- 1. Que o concello de Pontevedra dirixase ao goberno central ofrecendose como cidade refuxio, prestando as instalacións que habitualmente se utilizan para dar aloxamento, como no caso dos peregrinos do camiño portugués**
- 2. Que a Concellalía de Políticas Sociais poña en marcha un dispositivo que coordine axuda a refuxiados e posibles ofrecementos cidadáns de acollida nos seus domicilios.**

Pontevedra, 4.9.2015

Vicevoceira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

**MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ**